



PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO E DETERMINACIÓN DO GASTO NON FINANCEIRO 2024-2026.

Primeiro. Lexislación aplicable.

- Artigo 135 da Constitución Española.
- Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria de 2 de marzo de 2012 e demais normativa europea sobre Estabilidade Orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEP).
- Texto refundido da Lei de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo) (TRLFL).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, Regulamento de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Corporacións Locais. (RAPEL)
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LOEP.
- Acordo do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública para o período 2020 a 2023, e límite de gasto non financeiro nos orzamentos do Estado para 2020.
- A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, desenrola os requisitos aplicables ós marcos orzamentarios dos Estados membros.

Conforme o artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, obriga ás Administracións Públicas a elaborar un plan orzamentario a medio prazo no que se enmarcará a elaboración dos seus orzamentos anuais a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública.

Estes marcos orzamentarios a medio prazo abranguen un período mínimo de tres anos e conterán entre outros parámetros:

- Os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública de cada Administración Pública.
- As proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta a súa previsible evolución tendencial, é dicir, baseadas en políticas non suxeitas a modificacións, coma o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.

Os marcos orzamentarios servirán de base para a elaboración do programa de estabilidade.



Segundo. Programa de estabilidade.

Actualmente non existe taxa de referencia do PIB para o exercicio 2024 (e todo fai pensar que tampouco se disporá dela a curto prazo), polo que a falta do Programa de estabilidade actualizado para 2025 e os exercicios seguintes para as Entidades Locais, realizaremos o cálculos baixo o principio de prudencia.

Terceiro. Obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A aplicación das regras fiscais retomárase en 2024 e a Comisión Europea presentou a súa proposta ao redor das mesmas. Dita proposta recolle, en gran medida, os acordos alcanzados polo Ecofin no pasado mes de marzo. Así, os alicerces sobre os que descansaría a nova normativa serían:

Incrementar a apropiación nacional da normativa a través dos plans fiscais e estruturais a medio prazo. Estes plans fusionarán os actuais Programas de Estabilidade e Converxencia cos Programas Nacionais de Reforma. Deberán ter en conta os Plans de Recuperación e Resiliencia dos Estados membros durante a vixencia do Mecanismo para garantir a coherencia das políticas.

Establecer regras máis simples. Mantéñense os límites do 3% de déficit e 60% de débeda sobre PIB, sendo o indicador de referencia o gasto primario neto nunha perspectiva plurianual. Desaparece a regra de redución dun vinteavo anual de débeda e os valores de referencia sobre o saldo estrutural.

Facilitar as reformas e o investimento conducentes a alcanzar as prioridades da UE (especialmente transición verde e dixital) mediante cláusulas de salvagarda. En todo caso, a Comisión non incluíu na proposta un tratamento especial para ningún investimento en concreto (algúns países pedían exclusións para os investimentos verdes e en defensa)

Garantir o cumprimento efectivo da normativa mediante sancións financeiras máis pequenas, e por tanto máis factibles.

De aprobarse a normativa tal e como propuxo a Comisión, o novo proceso de vixilancia para os países que superen os límites de débeda e/o déficit implicaría seguir a seguinte senda:

- A Comisión definirá as traxectorias técnicas a seguir por cada Estado para alcanzar os niveis do 3% e do 60%.

- Os Estados elaborarán os plans fiscais-estruturais a medio prazo coas súas traxectorias de axuste e os seus compromisos de reforma e investimento.
- Consello aprobará ou denegará os plans tras a súa avaliación por parte da Comisión.

O Congreso dos Deputados, en sesión de 23 de xullo, rexeitou os obxectivos de estabilidade e débeda para o período 2025-2027, así como o límite de gasto non financeiro (178 votos en contra e 171 a favor).

Cumprindo co disposto no artigo 15.6 da LOEPSF, o Consello de Ministros aprobou un novo Acordo o pasado 10 de setembro no que se mantiveron os mesmos obxectivos e o mesmo límite de gasto que no Acordo anterior de data 16 de xullo.

Aínda que nun primeiro momento se ía a proceder á votación deste novo Acordo o pasado xoves, 26 de setembro, finalmente o Goberno decidiu retirar e pospor a votación, sen que polo momento se coñeza unha nova data.

Iso sitúanos, de novo, nun escenario xa coñecido: a elaboración e aprobación dos orzamentos sen dispor dun obxectivo de estabilidade confirmado.

En calquera caso, aínda que non exista unha definición das novas regras fiscais e non se coñeza cal vai a ser a taxa de referencia equivalente do superávit respecto do PIB para os próximos exercicios, entendemos que debe acompañarse aos orzamentos dos informe sobre de avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria e da estimación do gasto non financeiro para os próximos orzamentos.

Cuarto. Estructura do plan orzamentario a medio prazo da Deputación para os exercicios de 2024 a 2026, (Datos consolidados Deputación, Fundación E. Enfermería, o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento e o Consorcio Contra Incendios e Salvamento Deza - Tabeirós).

O artigo 4 do RAPEL establece que as entidades locais, os seus organismos autónomos e demais entes públicos dependentes, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ó principio de estabilidade. En consecuencia, o marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector das Corporacións Locais da Contabilidade Nacional dentro da entidade local.



A tal fin, consolidamos os importes correspondentes a esta Deputación, a Fundación Escola de Enfermería, o correspondente ó Consorcio contra Incendios e Salvamento Provincial, nos que mantemos unha participación do 50% e ó Consorcio contra Incendios e Salvamento Deza-Tabeirós, no que mantemos unha participación do 42%, figurando no Inventario como dependentes desta Deputación.

INGRESOS:

Estimación Dereitos recoñecidos netos.

A) Detalle dos ingresos correntes	Ano 2024 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2024/2025	Ano 2025 (Previsión inicial)	% taxa variación 2025/2026	Ano 2026 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	31.885.952,00	2,43%	32.661.973,00	1,92%	33.290.314,00	
Imposto sobre Bens Inmóveis	0,00	0	0,00	0	0,00	
Imposto sobre Actividades Económicas	4.886.012,00	1,92%	4.979.732,00	1,50%	5.054.428,00	TAXA VARIACIÓN ESTIMADA (CRITERIO PRUDENCIA)
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	0,00	0	0,00	0	0,00	
Imposto sobre Incremento do Valor dos Terres de Natureza Urbana	0,00	0	0,00	0	0,00	
Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras	0,00	0	0,00	0	0,00	
Cesión de impostos do Estado	26.999.940,00	2,53%	27.682.241,00	2,00%	28.235.886,00	TAXA VARIACIÓN PIB
Ingresos dos capítulos 1 y 2 non engadidos anteriormente	0,00	0	0,00	0	0,00	
Capítulo 3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	14.877.028,00	3,48%	15.395.054,00	2,00%	15.702.955,00	TAXA VARIACIÓN PIB
Capítulo 4. Transferencias correntes.	185.275.646,34	-13,31%	160.607.720,00	2,05%	163.893.802,00	
Participación nos tributos do Estado	181.075.646,34	-14,87%	154.152.166,00	2,50%	158.005.970,00	TAXA VARIACIÓN PIB
Resto de Transferencias correntes (resto Cap.4)	4.200.000,00	53,70%	6.455.554,00	-8,79%	5.887.832,00	(+ -) INGRESOS PROXECTOS UE+ % PIB
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	6.118.140,26	-41,25%	3.594.654,00	-7,85%	3.312.627,00	DEREITOS DE SUPERFICIE, FONDOS TESORERIA * VARIACION EURIBOR (criterio de prudencia)
Total de Ingresos correntes	238.156.766,60	-10,87%	212.259.401,00	1,86%	216.199.698,00	





B) Detalle de ingresos de capital	Ano 2024 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2024/2025	Ano 2025 (Previsión inicial)	% taxa variación 2025/2026	Ano 2026 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 6. Venda de inversións	850.500,00	0,00%	850.500,00	-5,94%	800.000,00	INGRESO VENTA PARCELAS, PRÓXIMOS EXERCICIOS CRITERIO DE PRUDENCIA
Capítulo 7. Transferencias de capital	8.350.000,00	-85,63%	1.200.000,00	2,00%	1.224.000,00	INGRESO PENDIENTES DE PROXECTOS EXECUTADOS EN EXERCICIOS ANTERIORES, PRÓXIMOS: ESTIMACIÓN NOVOS PROXETOS EN CONVENIO CON OUTRAS ADMONS. E FODOS UE (CRITERIO DE PRUDENCIA)
Total de Ingresos de Capital	13.519.223,84	-84,83%	2.050.500,00	333,94	2.024.000,00	
Total de Ingresos NON FINANCEIROS...	251.675.990,44		214.309.901,00		218.223.698,00	

C) Detalle de ingresos financeiros	Ano 2024 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2024/2025	Ano 2025 (Previsión inicial)	% taxa variación 2025/2026	Ano 2026 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	462.720,00	-43,81%	260.000,00	-3,85%	250.000,00	CRITERIO DE PRUDENCIA
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	21.616.415,00	-100,00%	0,00	0,00%	0,00	DISPOSICIÓN PRÉSTATAMOS CONTRATADOS EN 2021 EN 2024, E SEGUNTES, PRVISIÓN INICIAL 0,00€
Total de Ingresos Financeiros	22.079.135,00	-98,82%	260.000,00	-3,85%	250.000,00	
Total de Ingresos...	273.755.125,44	-21,62%	214.569.901,00	1,82%	218.473.698,00	

GASTOS:

A) Detalle de gastos correntes	Ano 2024 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2024/2025	Ano 2025 (Previsión inicial)	% taxa variación 2025/2026	Ano 2026 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 1. Gastos de persoal	56.381.697,17	6,87%	60.256.263,22	2,00%	61.461.388,00	
Capítulo 2. Gastos correntes en bens e servizos	37.982.474,75 €	31,71%	50.028.221,78	2,00%	51.028.786,00	INCREMENTOS ELEVADOS EN 2025, ACTUALIZACIÓN CONTRATOS SERVICIOS E MANTEMENTOS, CRITERIO DE PRUDENCIA PROXIMOS EJERCICIOS
Capítulo 3. Gastos financeiros	149.500,00	427,67%	788.865,00	-6,73%	735.761,85	XUROS PRESTAMOS, E DEPÓSITOS EN ENTIDADES FINANCEIRAS, EN 2025 XUROS DISPOSICIÓN PRESTAMOS, ESTIMACIÓN EURIBOR 3,2%
Capítulo 4. Transferencias correntes	39.785.223,00	5,93%	42.143.481,00	2,00%	42.986.351,00	TAXA PIB+ PLANES CONCELLOS E AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS LUCRO, MAS ACHEGA PROXECTOS
Capítulo 5. Fondo de continxencia	0,00		1.003.000,00	0,00%	1.003.000,00	Créditos iniciais, Non se prevé recoñecer obrigas
Total de Gastos Correntes	134.298.894,92	14,83%	154.219.831,00	1,94%	157.215.287,00	

B) Detalle de gastos de capital	Ano 2024 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2024/2025	Ano 2025 (Previsión inicial)	% taxa variación 2025/2026	Ano 2026 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 6. Inversións reais	24.437.198,00	-38,34%	15.067.872,00	1,00%	15.218.551,00	EN FUNCIÓN DOS INGRESOS + NOVOS PROX. UE
Capítulo 7. Transferencias de capital	80.308.504,54	-46,65%	42.841.156,00	1,84%	43.628.218,00	EN FUNCIÓN DOS INGRESOS E DO "ORGANO DE CONTRATACIÓN" DOS INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS (CAP. 7º o 6º)
Total de Gastos Capital	104.745.702,54	-44,71%	57.909.028,00	1,62%	58.846.769,00	
GASTO NON FINANCIERO	239.044.597,46	-11,26%	212.128.859,00	1,85%	216.062.056,00	





C) Detalle de gastos financeiros	Ano 2024 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2024/ 2025	Ano 2025 (Previsión inicial)	% taxa variación 2025/ 2026	Ano 2026 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Capítulo 8. Activos financeiros	272.400,00	2,57%	279.400,00	-10,52%	250.000,00	ANTICIPOS E PRESTAMOS AO PERSOAL
Aportacións patrimoniais	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	
Outros gastos en activos financeiros	272.400,00	2,57%	279.400,00	-10,52%	250.000,00	ANTICIPOS E PRESTAMOS AO PERSOAL
Capítulo 9. Pasivos financeiros	0,00	0,00%	2.161.642,00	0,00%	2.161.642,00	CUOTA AMORT. PRÉSTAMOS
Total de Gastos Financeiros	272.400,00	796,12%	2.441.042,00	-1,20%	2.411.642,00	
Total Gastos...	239.316.997,46	-10,34%	214.569.901,00	1,82%	218.473.698,00	

RESUME MAGNITUDES:

Saldos e outras magnitudes	Ano 2024 (en euros) ESTIMADOS A 31/12	% taxa variación 2024/ 2025	Ano 2025 (Previsión inicial)	% taxa variación 2025/ 2026	Ano 2026 (en euros)	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Saldo operacións correntes	103.857.871,68		58.039.570,00		58.984.411,00	
Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	103.857.871,68		58.039.570,00		58.984.411,00	
Derivados de modificacións de políticas	0,00		0,00		0,00	
Saldo operacións de capital	-91.226.478,70		-55.858.528,00		-56.822.769,00	
Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-91.226.478,70		-55.858.528,00		-56.822.769,00	
Derivados de modificacións de políticas	0,00		0,00		0,00	



Saldos e outras magnitudes	Ano 2024	% taxa	Ano 2025	% taxa	Ano 2026	Supostos nos que se basean a proxeccións/Medidas
Saldo operacións non financeiras	12.631.392,98		2.181.042,00		2.161.642,00	
Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	12.631.392,98		2.181.042,00		2.161.642,00	
Derivados de modificacións de políticas			0,00		0,00	
Saldo operacións financeiras	21.806.735,00		-2.181.042,00		-2.161.642,00	
Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	21.806.735,00		-2.181.042,00		-2.161.642,00	
Derivados de modificacións de políticas	0,00		0,00		0,00	
Saldo operacións non financeiras	12.631.392,98		2.181.042,00		2.161.642,00	
(+/-) Axustes para o cálculo de cap. ou neces. Financ. SEC	3.182.440,56		1.788.303,53		2.500.000,00	ESTIMA. 25% D. FINANC. NEGATIVAS FINAN. (PROXECTOS FINANCIADOS UE), EN 2024 + AXUSTES DE VOLUCIÓN P.I.E. NEGATIVAS 2008 E 2029
Capacidade ou necesidade de financiación	<u>15.813.833,54</u>		<u>3.969.345,53</u>		<u>4.661.642,00</u>	
Débeda viva a 31/12	21.616.415,00	-10,00%	19.454.773,50	-11,11%	17.293.132,00	Préstamos concertado para investimentos 2021, (Programa REACPON). DISPOSICIÓN FINAIS DE 2024
A curto prazo	2.161.641,50	0,00%	2.161.641,50	0,00%	2.161.641,50	
A longo prazo	19.454.773,50	-11,11%	17.293.132,00	-12,50%	15.131.490,50	
Rateo débeda financeira viva/Ingresos correntes	9,08%		9,17%		8,00%	
Débeda p/PIE 2008	2.745.614,18 €	392.230,60 €	2.353.383,58 €	392.230,60 €	1.961.152,99 €	
Débeda p/PIE 2009	10.472.510,48 €	1.496.072,93 €	8.976.437,55 €	1.496.072,93 €	7.480.364,62 €	
Débeda p/PIE 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Débeda total (financeira e non financeira) a 31/12	34.834.539,67 €		30.784.594,64 €		26.734.649,61 €	



Hipóteses do cadro:

Os dereitos correntes estímase que se poidan manter ao longo do período, aínda que no exercicio 2024 aumentan entorno a un 2,5% e para o ano 2025 e 2026, baixo un criterio de prudencia, estimamos que se manteñan nunha porcentaxe neta inferior ao 2%. A estimación de dereitos en 2024 é moi elevada porque se engaden os ingresos da liquidación da P.I.E. de 2022, a compensación por parte do Estado da parte correspondente a amortizar da liquidación negativa da P.I.E. de 2020, estes ingresos non se estiman para 2025 e anos seguintes.

Os ingresos recoñecidos por operacións de capital, no capítulo 6º "*venda de parcelas*", estímase que para 2024 e 2025 poda acadar ou superar os 850.000,00€, para 2026 e seguintes irán minorando (criterio de prudencia). Respecto do capítulo 7º, transferencias para proxectos e convenios, fundamentalmente coa UE e Concellos, en 2024 deberían recoñecerse dereitos de parte dos investimentos dos proxectos pendentes, destacando os solicitados ao IDAE e fondos NEXT GENERACIÓN. Para os próximos exercicios variará en función da concesión de novos proxectos financiados con fondos da UE; FEDER, FSE, FEADER (novo período de elixibilidade), e os fondos para a "Recuperación e Resiliencia", estimando unha media de 3.500.000,00€ (criterio de prudencia). No orzamento 2025 soamente recóllese a previsión do proxecto RUEIROS.

As obrigas recoñecidas correntes estímase que poderán experimentar un crecemento entorno do 15% para o período 2024, motivada en gran medida por un maior financiamento para os Concellos no capítulo 4º e 7º, correspondentes a plans iniciados en exercicios anteriores. Para 2025 e seguintes entorno ao 2%, xustificándose debido a:

- Os gastos de persoal variaran en función dos incrementos que recollan as leis de presupostos do Estado para cada exercicio, as contratacións que correspondan a novos proxectos con financiamento, fundamentalmente da UE e dos plans de estabilizacións de emprego (PEET) que se podan aprobar. Destacar que no exercicio 2024 recollese a previsión dos incrementos previstos para 2023 e 2024 no "Acordo Marco para unha Administración do século XX" publicado pola Resolución de 14 de novembro de 2022 da Secretaria do Estado e Función Pública, a isto engadese un incremento das cotizacións sociais (cota patronal). Para os exercicios seguintes estimamos que sexa entorno ao 2%.
- Os créditos para gastos do capítulo II (gastos en bens e servizos correntes) estimamos que poidan experimentar un incremento medio do (15% en 2025) debido a actualización dos contratos de servizos, mantementos e subministros, cifra que pode variar en función dos novos convenios e proxectos cofinanciados que se podan aprobar. Para os próximos exercicios entendemos que deberían estabilizarse entorno ao 2%.
- Os xuros suben en 2024 debido á subida dos tipos de interese na parte correspondente aos xuros de demora que poida devengar o ORAL (obrigas non financeiras por xuros correspondentes a xestión tributaria local) e demais recursos ou sentenzas pendentes. A partir de 2025 os importes incrementaríanse ao dispoñer dos préstamos contratados en 2021 para financiar o programa REACPON (16.616.415,00 € ao tipo Euribor 3M+0,49%, e 5.000.000,00 € a tipo fixo do 0,77%).
- Os créditos para gastos do capítulo IV (Transferencias correntes) estimamos que se manteñan estables a partir de 2025, importes que poden variar en función dos novos convenios e proxectos que se xestionen.

Nos capítulos 6º e 7º en 2025 estimamos que se de unha minoración respecto a 2024 debido a finalización da a execución de investimentos e proxectos subvencionados, basicamente á Concellos (POS, REACPON, PON23). Estes importes poden variar en función da execución e dos novos programas "+PROVINCIA" e proxectos UE que se xestionen (criterio de prudencia).

O gasto corrente estrutural só debería medrar na medida en que medren os ingresos correntes estruturais.

Mantense o criterio de limitar ó máximo a autorización de gastos plurianuais para non comprometer o aforro neto dos próximos exercicios que se estima que se manteña sen grandes crecementos.

O endebedamento financeiro: en 2022 rematou a amortización da débeda contratada nos exercicios anteriores e en 2023 o anticipo concedido polo Ministerio de Industria para o plan Avanza. En 2021 contratáronse dúas operacións de préstamo con apertura de crédito, cun período de carencia e disposición de 3 anos (20.000.000,00€ a tipo variable: Euribor 3M+0,49% e 5.000.000,00€ a tipo fixo do 0,77%) e a disposición prevista é de 21.616.415,00€ para financiar o programa REACPON, amortizándose en 10 cotas anuais a partir de 2025. Ao respecto sinalar que se cumpre satisfactoriamente en todos os exercicios previstos os obxectivos de endebedamento, xa que están moi distantes do límite legal do 110% que fixa o artigo 53 do TRLFL.

Respecto da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, no artigo 11.4 establece que as Corporación Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, como forma de instrumentar o principio de estabilidade orzamentaria. O "plan orzamentario a medio prazo" elaborado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria estimándose un superávit, unha vez axustado de acordo cos criterios SEC, os importes correspondentes as desviacións negativas dos proxectos que contan financiamento da UE, e os importes descontados na "participación nos tributos do Estado", correspondentes as liquidacións negativas dos exercicios 2008, 2009 e 2020, (en relación coa liquidación negativa de 2020 para 2024 liquidouse o saldo negativo de 5.189.518.71€, que finalmente foi asumido polo Estado).

Baixo estes supostos de cumprirse as previsión de financiamento o superávit debería acadar unhas cifras medias entono a 5 millóns de euros nos próximos exercicios.

Quinto. Límite do gasto non financeiro (consolidado). Exercicios 2024 a 2026

Tal como se detallou nas táboas anteriores o "Marco orzamentario a medio prazo" que se acompaña e que foi elaborado seguindo os criterios legais e metodolóxicos antes sinalados (baixo un criterio de prudencia), reflecten un gasto non financeiro máximo (GNF) cun incremento para 2023, motivado pola suba dos prezos mais a execución de diferentes plans de investimentos para Concellos, proxecto con financiamento de fondos NEXT GENERATION, UE dos programas para a "Recuperación e Resiliencia". Para os seguintes exercicios estimamos que se manteña nunhas cifras similares podendo variar en función dos distintos convenios e proxectos cofinanciados que se xestionen, reflectindo o detalle seguinte:



EXERCICIO	2024	2025	2026
Gasto non financeiro (GNF)	239.044.597,46	212.128.859,00	216.062.056,00
Gasto Total.	239.316.997,46	214.569.901,00	218.473.698,00

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

